



CONVENIO DE COOPERACIÓN EDUCATIVA DE PRÁCTICAS EXTERNAS ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO E A UNIVERSIDADE DE SALAMANCA PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS DE ALUMNOS DAS TITULACIÓNS IMPARTIDAS NA UNIVERSIDADE DE SALAMANCA NA BIBLIOTECA DE GALICIA

REÚNENSE

Dunha parte, D. Román Rodríguez González, actuando en representación da Xunta de Galicia, en virtude do seu cargo de Conselleiro de Cultura e Turismo, para o que foi nomeado polo Decreto 97/2018 de 26 de setembro, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia e o artigo 2 da Resolución do 8 de abril de 1991, pola que se publica o acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991.

Doutra parte, D. Enrique Cabero Morán, Vicerreitor de Política Académica e Participación Social, en nome e representación da Universidade de Salamanca, con CIF Q3718001E e enderezo en Patio de Escuelas s/n, 37008, Salamanca, conforme á delegación de competencias efectuada polo Sr. Reitor da Universidade, publicada a través de resolución de 27 de decembro de 2017 da Universidade de Salamanca (BOCYL 04/01/2018). Ambas as dúas partes recoñécense con capacidade legal suficiente para outorgar o presente convenio e, para os efectos,

EXPOÑEN

1.- Que a adecuación dos programas educativos ás necesidades do mundo da práctica constitúe unha das preocupacións da Universidade de Salamanca (USAL). Por iso ten a vontade de potenciar a realización de actividades de formación práctica do seu alumnado.

2.- Que a Consellería de Cultura e Turismo ten interese en colaborar no sistema de formación práctica do alumnado da USAL.

3.- Que ambas as dúas partes consideran necesario un maior acercamento entre o ámbito da práctica nos centros bibliotecarios e a universidade, co obxecto de facilitar a futura inserción laboral dos universitarios mediante a alternancia da súa formación teórica con prácticas, acadando ó mesmo tempo a mellor cualificación e futura adaptación ós postos de traballo demandados polas empresas e organismos de investigación.

4.- Todo isto evidencia a necesidade dun convenio que enmarque a cooperación educativa entre os asinantes e delimite as garantías recíprocas dos alumnos e as entidades receptoras no desenvolvemento do período de prácticas.

En consecuencia, acordan formalizar o presente convenio de colaboración, de conformidade coas seguintes



ESTIPULACIÓN

1. Obxecto do convenio

O presente convenio ten por obxecto establecer a colaboración entre as partes de cara a unha adecuada programación, desenvolvemento e verificación de prácticas tuteladas do alumnado da “Facultad de Geografía e Historia”, así como da Titulación de “Información y Documentación” (antiga Biblioteconomía y Documentación) na Biblioteca de Galicia.

Así como para achegar a experiencia dos seus técnicos para aquela parte da docencia teórico-práctica especializada que fose precisa.

2. Titores/as e órganos responsables

A Universidade de Salamanca e a Consellería de Cultura e Turismo poderán constituír unha Comisión de Seguimento. Nomearán, respectivamente, para cada un dos períodos e prazos das prácticas que se convoquen, as persoas que actuarán como coordinadores-responsables.

As funcións do titor serán as indicadas na cláusula quinta, apartado e).

Os titores das bibliotecas poderán obter, a petición propia, o recoñecemento do seu labor nos termos que establece a USAL.

3. Número de Prazas

A Consellería de Cultura e Turismo acollerá na Biblioteca de Galicia aos alumnos/as da USAL que cursen os estudos citados no punto 1. O número de prazas que a biblioteca acollerá será un máximo de 6 alumnos/as por convocatoria que faga a USAL.

4. Selección dos/as alumnos/as

A Consellería de Cultura e Turismo acollerá aos alumnos e alumnas da USAL na Biblioteca de Galicia en calidade de estadía de prácticas, de acordo coas convocatorias que faga a USAL que seleccionará as persoas que van realizar as prácticas consonte unha convocatoria que respectará os principios de publicidade, igualdade, obxectividade e mérito.

5. Réxime xurídico de realización das prácticas

As prácticas académicas externas levaranse a cabo de acordo coas seguintes normas:

a) Destinatarios

Estudiantes da Universidade de Salamanca (USAL). “Facultad de Geografía e Historia” así como Titulación de “Información y Documentación” (antiga Biblioteconomía y Documentación)

b) Período de realización das prácticas

As prácticas que son obxecto deste convenio realizaranse no período comprendido no curso escolar, agás durante o mes de agosto e incluíranse nas convocatorias que faga a USAL.



c) Remuneración das prácticas

As prácticas que son obxecto deste convenio non serán remuneradas.

d) Tutorización das prácticas

Tanto a Consellería de Cultura e Turismo coma a USAL, respectivamente, designarán senllos titores que se encargarán do seguimento das prácticas, supervisarán a súa realización e emitirán un informe final sobre o seu contido e avaliación.

Deste xeito, ambos titores, deberán asinar un documento no que se determinarán as tarefas do alumno, o período do prácticas, así como un apartado onde os titores indiquen cal foi o nivel de aproveitamento do alumno.

e) Dereitos e obrigas dos titores das bibliotecas

O/A titora terá os seguintes dereitos:

- Ao recoñecemento da súa actividade colaboradora, por parte da universidade, en forma de certificado de docencia, de ser requirido polo interesado.
- A ser informado sobre a normativa que regula as prácticas externas, así como do plan formativo das prácticas (Guía docente da materia) e das condicións do seu desenvolvemento.
- A ter acceso á Universidade para obter a información e o apoio necesarios para o cumprimento dos fins propios da súa función.

Tamén terá os seguintes deberes:

- Acolloer o/a estudante e organizar a actividade a desenvolver de acordo ao establecido no plan formativo.
- Supervisar as súas actividades, orientar e controlar o desenvolvemento da práctica cunha relación baseada no respecto mutuo e no compromiso coa aprendizaxe.
- Informar ao estudante da organización e funcionamento da biblioteca e da normativa de interese, especialmente a relativa á seguridade e riscos laborais.
- Coordinar co/a titor/a académico da universidade o desenvolvemento das actividades establecidas, incluíndo aquelas modificacións do plan formativo que poidan ser necesarias para o normal desenvolvemento da práctica, así como á comunicación e resolución de posibles incidencias que puidesen xurdir no seu desenvolvemento e o control de permisos para a realización de exames.
- Proporcionar a formación complementaria que precise o estudante para a realización das prácticas.

Proporcionarlle ao estudante os medios materiais indispensables para o desenvolvemento da



práctica.

- Facilitar e estimular a achega de propostas de innovación, mellora e emprendemento por parte do estudante.
- Facilitar ao titor/a académico da universidade o acceso á entidade para o cumprimento dos fins propios da súa función.
- Gardar confidencialidade en relación con calquera información que coñeza do estudante como consecuencia da súa actividade como titor.
- Prestar axuda e asistencia ao estudante, durante a súa estancia na entidade, para a resolución daquelas cuestións de carácter profesional que poida necesitar no desempeño das actividades que realiza nela.

f) Contido das prácticas

O contido específico das prácticas, que se formalizará no correspondente plan formativo, tratará de proporcionarlle ao alumno unha visión da Biblioteca de Galicia o máis acorde posible aos seus estudos, a través dos distintos servizos bibliotecarios, e actividades culturais que se desenvolven nestes centros:

- Descrición e catalogación de Fondos
- Servizo de Hemeroteca
- Servizo de Depósito Legal
- Servizo de materiais especiais
- Dixitalización e metadatos. Biblioteca Dixital
- Fondo Antigo. Descrición e xestión
- Actividades: exposicións

As partes subscribirán, para cada alumno, un proxecto formativo, tal e como se establece no Anexo, no que se materializará, o horario, lugar de realización das prácticas, a designación de titores, etc...

g) Memoria das prácticas

Ao remate de cada período de prácticas cada un dos/as alumnos/as deberá realizar unha memoria final sobre as actividades formativas realizadas.

Na memoria faranse constar, entre outros, os seguintes aspectos:

- Análise do contexto no que se desenvolverá a estadía.
- Descrición sintética das actividades de formación realizadas durante a estadía, así como a implicación da biblioteca no proceso.
- Grao de consecución dos obxectivos propostos á finalización da estadía.
- Suxestións e propostas de mellora.
- Valoración da estadía.

As partes subscribirán, para cada alumno, un proxecto formativo, tal e como se reseña no anexo, no que se materializará, o horario, lugar de realización das prácticas, a designación de tutores etc."



h) Procedemento de avaliación

A avaliación das prácticas realizaraa a USAL a través do titor/a, á vista da devandita memoria e do informe do titor/a de prácticas da biblioteca.

Soamente poderán ser avaliadas favorablemente se a ausencia total non excede do 20% das horas programadas.

i) Certificación da entidade colaboradora

Se a avaliación da memoria é positiva e o informe da actuación favorable, a Consellería de Cultura e Turismo emitiralle a cada un dos/as alumnos/as que participaran con regularidade nas prácticas unha certificación na que debe constar o tempo de colaboración e as tarefas así como calquera outra actividade realizada que permitan a súa formación e coñecemento dos diversos servizos bibliotecarios.

A certificación deberá especificar que, para os efectos académicos, queda supeditada á avaliación que das prácticas realice a USAL.

j) Relación coa entidade colaboradora

O feito de que o alumnado realice prácticas nun centro dependente da Consellería de Cultura e Turismo non suporá ningún tipo de relación laboral, nin vínculo profesional con ela, nin determinará a existencia de ningunha responsabilidade pola súa parte.

Os alumnos en prácticas non poderán realizar na biblioteca tarefas de responsabilidade nin aquelas exclusivas do persoal propio (polo menos en solitario), estando as prácticas, sempre e en todo caso, orientadas a unha aprendizaxe práctica tutorizada.

k) Deberes e dereitos dos alumnos

O alumnado durante a realización das prácticas terá os seguintes dereitos:

- Á tutela, durante o período de duración da correspondente práctica, por parte dos seus tutores da universidade e da biblioteca.

- Á avaliación de acordo aos criterios establecidos pola Universidade.

- Á obtención dun informe por parte do titor ou titora da biblioteca, coa mención expresa da actividade desenvolvida, a duración e, no seu caso, o rendemento.

- Á propiedade intelectual e industrial nos termos establecidos na lexislación reguladora da materia.

- A cumprir coa súa actividade académica, formativa e de representación e participación, previa comunicación coa suficiente antelación á entidade colaboradora.

- A dispor dos recursos necesarios para o acceso dos estudantes con discapacidade á tutela, á información, á avaliación e ao propio desenvolvemento das prácticas en igualdade de condicións.



- A conciliar, no caso dos estudantes con discapacidade, a realización das prácticas con aquelas actividades e situacións persoais derivadas ou conectadas coa súa situación de discapacidade.

- Aqueles outros dereitos previstos na normativa vixente e/ou nos correspondentes Convenios de Cooperación Educativa subscritos pola Universidade e, no seu caso, pola entidade xestora das prácticas vinculadas a ela, coa entidade colaboradora.

O alumnado queda obrigado durante a realización das prácticas a:

- Coñecer e cumprir o plan formativo das prácticas, seguindo as indicacións do titor asinado pola entidade colaboradora baixo a supervisión do titor académico da universidade.

- Manter contacto co titor académico da universidade durante o desenvolvemento da práctica e comunicarlle calquera incidencia que poida xurdir, así como facer entrega dos documentos e informes de seguimento intermedio e a memoria final que lle sexan requiridos.

- Incorporarse á entidade colaboradora na data acordada, asumindo os gastos de desprazamento, e respectar as súas normas de funcionamento, seguridade e prevención de riscos laborais.

- Cumprir o horario acordado entre a biblioteca e a USAL a través dos coordinadores responsables nomeados pola Comisión de Seguimento.

- Comunicar con antelación calquera ausencia total ou parcial nalguna das xornadas previstas á persoa de contacto da biblioteca e, de ser o caso, ao coordinador responsable nomeado pola Comisión de Seguimento.

- Realizar de forma satisfactoria e eficiente as labores de aprendizaxe que a biblioteca decida dentro do plan de formación en prácticas.

- Elaboración da memoria final das prácticas.

- Gardar a confidencialidade en relación coa información interna da entidade colaboradora, e gardar secreto profesional sobre as súas actividades.

- Aposar, en todo momento, unha actitude respectuosa coa política da entidade colaboradora, salvaguardando o bo nome da universidade á que pertence.

- Calquera outro deber previsto na normativa vixente e/ou nos correspondentes Convenios de Cooperación Educativa subscritos pola Universidade e, no seu caso, a entidade xestora de prácticas vinculada a ela, coa entidade colaboradora.

1) Seguridade dos alumnos e responsabilidade civil

Aqueles que teñan menos de vinte e oito anos seguen baixo a protección do seguro escolar. Para os estudantes maiores de vinte e oito anos formalízase obrigatoriamente a cargo do estudante un



seguro específico no momento da súa matrícula na USAL. Para maiores de 28 anos a USAL ten asinado un Convenio.

As continxencias de responsabilidade civil quedan cubertas por unha póliza subscrita pola USAL.

6. Competencias da USAL

A distribución de alumnos e a súa selección será competencia da Comisión de Seguimento, así como a organización de apoio teórico e práctico para o desenvolvemento das prácticas.

7. Comisión Mixta de Seguimento

Para o seguimento do convenio establecerase unha comisión mixta na que participarán, pola USAL, o/a Vicerreitor/a de Política Académica e Participación Social ou persoa que designe, e o/a Director/a do Servizo de Inserción Profesional, Prácticas e Emprego; por parte da Consellería de Cultura e Turismo, unha persoa pertencente á Subdirección Xeral de Bibliotecas e o/a xefe/a de servizo da Biblioteca de Galicia.

Esta Comisión Mixta comprométese a cumprir os obxectivos que xustifican o asinamento deste convenio, cumprindo de modo específico as seguintes funcións:

- Formular as propostas sobre o número de prazas de cada convocatoria para a realización de prácticas formativas correspondentes a cada curso académico, de acordo cos criterios e normas que se han establecer oportunamente.
- Establecer os criterios de avaliación e control das prácticas tuteladas.
- Tomar medidas en relación ás incidencias que xurdan na realización das prácticas, incluída a expulsión de alumnos/as que non cumpran as cláusulas do convenio.
- Interpretar e aplicar, con carácter xeral, as estipulacións deste convenio, así como controlar o seu cumprimento e propoñer medidas para a resolución de conflitos entre as partes.
- Propoñer *addendas* ou modificacións a este convenio para que sexan aprobadas, de ser o caso, polos órganos competentes.

8. Normas de aplicación

O presente convenio ten natureza administrativa, e queda sometido ao réxime xurídico de convenios previsto no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

A este convenio tamén lle será de aplicación a seguinte lexislación:

- Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno
- Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.
- Lei orgánica 6/2012, do 21 de decembro, de Universidades, e a súa normativa de desenvolvemento.
- Real decreto 1791/2010, do 30 de decembro que regula o Estatuto do Estudante Universitario.
- Real Decreto 592/2014, do 11 de xullo, polo que se regulan as prácticas académicas externas dos estudantes universitarios.
- Regulamento de prácticas académicas externas dos estudantes da Universidade de Salamanca.



- Normativa de Prácticas Externas aprobada pola Universidade de Salamanca en Consello de Goberno en maio de 2013.

9. Duración do convenio

O presente convenio de cooperación producirá efectos a partir da data da súa sinatura e a súa duración será de catro anos, con posibilidade dunha prórroga expresa, antes do vencemento do prazo, por catro anos máis.

10. Resolución do convenio

As partes poderán denunciar ou modificar o presente convenio en calquera momento por acordo mutuo.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para rescindir o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto do programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

A rescisión deste convenio requirirá a petición expresa e razoada dunha das partes, a notificación por escrito á outra parte cun mes de antelación, como mínimo, á data proposta para poñerlle fin ao convenio.

11. Protección de datos

As partes comprométense a cumprir o establecido nas disposicións en materia de protección de datos e especialmente o estipulado pola Lei Orgánica 15/1999, de Protección de Datos de Carácter Persoal e a súa normativa de desenvolvemento e polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos.

A tal efecto o/a estudante asinará coa Consellería de Cultura e Turismo un documento no que se obrigue a cumprir o deber de segredo antes citado.

12. Propiedade Intelectual

Naqueles casos en que a práctica realizada xere un produto susceptible de propiedade intelectual, salvo acordo particular entre as diferentes partes (Universidade, estudante e a Entidade Colaboradora) axustarase ao disposto na lexislación vixente.

13. Confidencialidade

O estudante en prácticas asumirá a obriga de gardar o segredo profesional sobre calquera información interna da entidade colaboradora á que teña acceso durante a súa estancia e unha vez finalizada esta. A Entidade Colaboradora poderá solicitar a sinatura dun acordo de confidencialidade ao estudante en prácticas.

14. Condicións de rescisión da práctica



O incumprimento por parte do alumno, das súas obrigas ante a entidade colaboradora, poderá determinar a perda automática dos seus dereitos como alumno en prácticas.

O feito demostrado de que as prácticas na entidade non se axusten ao acordado coa coordinación do titor poderá ser motivo de rescisión delas e, neses casos, a Comisión de seguimento deberá buscar unha solución de complemento para o período restante.

15. Publicidade

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno aberto da Xunta de Galicia incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

Así mesmo, a Universidade de Salamanca, acepta e consinte a remisión do convenio, logo da súa sinatura, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Tamén será obxecto de publicidade no Rexistro de Axudas, Subvencións e Convenios, ao abeiro do disposto no decreto 126/2006, do 20 de xullo e no decreto 132/2006, do 27 de xullo.

16. Xurisdición

As cuestións litixiosas que xurdan entre as partes durante o seu desenvolvemento e execución e non poidan ser resoltas no seo da Comisión Mixta de Seguimento prevista na cláusula sétima, someteranse á xurisdición contencioso-administrativa, conforme ao disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

17. Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.


As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.



En proba de conformidade, as dúas partes asinan este convenio, por duplicado, en galego e en castelán, no lugar e na data que se indican máis abaixo.

Santiago de Compostela, 22 de NOV. de 2018

POLA UNIVERSIDADE DE
SALAMANCA



D. Enrique Cabero Morán

POLA CONSELLERÍA DE CULTURA E
TURISMO


D. Román Rodríguez González



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE
CULTURA E TURISMO



MODELO EJEMPLO DEL DOCUMENTO DE PROYECTO FORMATIVO (ANEXO I AL CONVENIO) QUE SE FORMALIZARÁ PARA CADA PRÁCTICA QUE SE REALICE, ANTES DEL COMIENZO DE LA MISMA:

El documento Anexo I para formalizar los proyectos formativos está disponible para su descarga en el sitio web del Servicio de Inserción Profesional, Prácticas y Empleo de la Universidad de Salamanca
<http://empleo.usal.es/practica>





PROYECTO FORMATIVO {Ref. de Proyecto Formativo}
ANEXO I al convenio USAL/nnnn, firmado el día {DD/MM/AAAA}
Convenio de Cooperación Educativa de Prácticas Académicas Externas para Estudiantes de la
Universidad de Salamanca entre la Universidad de Salamanca y
{RAZÓN SOCIAL DE LA ENTIDAD COLABORADORA}

{Nombre y Apellidos de estudiante}, con NIF {NIF estudiante} (teléfono {TELEFONO estudiante}; e-mail {e-mail ESTUDIANTE}), estudiante de {Titulación que cursa} en el centro docente {Centro académico} realizará una práctica extracurricular/curricular correspondiente a la asignatura o convocatoria {Asignatura curricular o Referencia de Convocatoria} en la entidad colaboradora {Nombre de Entidad que acoge a estudiante en prácticas}, con CIF/NIF {CIF/NIF de entidad}.

Descripción del puesto de práctica

Lugar donde se realizará:

(Nombre de departamento/dependencia)

(Dirección (Calle, Código Postal, Localidad y Provincia))

Fechas de realización: desde {dd/mm/aaaa} hasta {dd/mm/aaaa}, ambos incluidos.

RESCISIÓN ANTICIPADA DE LAS PRÁCTICAS: en caso de incumplimiento de sus términos por una de las partes, las prácticas se podrán suspender de forma anticipada.

Horario: {horario de realización de las prácticas}

Duración: {nn} días/horas/meses.

Según especifica el Reglamento de prácticas académicas externas de la Universidad de Salamanca, un estudiante no podrá realizar en un mismo curso académico más de 900 horas de estancia. Igual limitación se establece para las prácticas que un estudiante puede cursar en una misma entidad colaboradora a lo largo de su titulación.

Al no existir relación laboral, el estudiante no tendrá derechos ni obligaciones propias de un contrato laboral, tales como el derecho a disfrute de vacaciones.

Modalidad académica: Extracurricular / Curricular (Asignatura de Prácticas: código, nombre y créditos ECTS)

Bolsa de estudio: {NO / importe} {por mes/total}, que abonará la Entidad Colaboradora (o texto explicativo indicando el pagador y la forma de abono cuando el pagador sea otro de acuerdo con las bases de la convocatoria).

En caso de existir, tanto el pagador como el receptor de la bolsa o ayuda al estudio deberán hacer frente a las obligaciones que en materia de Seguridad Social o fiscales establezca la legislación vigente.

Tutores de la práctica

- **Tutor en la Entidad Colaboradora:**
{Nombre y Apellidos}
{Teléfono(s)} y {e-mail}
- **Tutor académico:**
{Nombre y Apellidos}
{Teléfono(s)} y {e-mail}

Tareas

Relación de tareas que desarrollará el/la estudiante en prácticas

tarea 1

tarea 2

...

Competencias profesionales

Relación de competencias profesionales (genéricas y específicas) que adquirirá o ejercitará el/la estudiante

- Genéricas: Capacidad técnica; Capacidad de aprendizaje; Administración de trabajos; Habilidades de comunicación oral y escrita; Sentido de la responsabilidad; Facilidad de adaptación; Creatividad e iniciativa; Implicación personal; Motivación; Receptividad a las críticas; Puntualidad; Relaciones con su entorno laboral; Capacidad de trabajo en equipo.
- Específicas:

Los abajo firmantes declaran su conformidad y aceptación del programa formativo y detalle de las prácticas, al amparo del Convenio suscrito entre la Universidad de Salamanca y (RAZÓN SOCIAL DE ENTIDAD COLABORADORA) a fin de completar la formación del estudiante, ateniéndose a la legislación vigente.

En Salamanca, a {dd/mm/yyyy}

el/la tutor(a) académico/a	el/la estudiante	el/la tutor(a) de entidad colaboradora
{Nombre y Apellidos}	{Nombre y Apellidos}	{Nombre y Apellidos}